

O Bacharelato Internacional no IES do Castro

No IES do Castro desenvólvese o **Programa do Diploma**, un dos **programas educativos da Organización do Bacharelato Internacional**. Este programa é o que comunmente nos referimos como “Bacharelato Internacional”.

Para contar coa autorización para impartir este Programa e ser considerado **Colexio do Mundo**, o IES do Castro superou un proceso de preparación e avaliación supervisado pola Organización do Bacharelato Internacional. A autorización revísase quinquenalmente mediante un estrito proceso de avaliación.

O Programa do Diploma do IB

O Programa do Diploma, en palabras do IB, *é un currículo esixente e estimulante de dous anos de duración, dirixido ao alumnado de 16 a 19 anos e que prepara para a obtención do Diploma do IB.*

O programa aporta ao alumnado moito máis que coñecementos. Trátase dunha preparación para a universidade na que aprenderan a:

- *formular interrogantes complexas*
- *aprender a aprender e investigar*
- *desenvolver unha forte identidade persoal e cultural*
- *desenvolver a capacidade de comprender as persoas doutros países e culturas, e comunicarse con elas.”*
- *Realizar investigación experimental nas súas prácticas de laboratorio.*
- *Mellorar a súa expresión oral e escrita con continú práctica, así como presentacións públicas.*
- *Traballar eficazmente de maneira autónoma*

Compatibilidade Programa do Diploma - Bacharelato LOMCE

O alumnado do Bacharelato Internacional cursa ao mesmo tempo as dúas opcións de bacharelato, de maneira que obtén as dúas titulacións. Na maioría das materias hai boa coincidencia, de forma que se compatibiliza a preparación dos exames do Diploma co seguimento dos cursos do bacharelato LOMCE.

Linguas do Programa do Diploma

A nivel mundial, os programas do BI poden impartirse en español, francés e inglés. En xeral o alumnado do IES do Castro prepárase para os exames do Programa do Diploma en español (a excepción de Inglés B) cursándose en galego as materias LOMCE necesarias para cumprir co Decreto de Normalización.

Que se estuda no Programa do Diploma?



O currículo contén seis grupos de materias e un tronco común que consta de tres compoñentes independentes.

O alumnado prepara **seis materias**. Normalmente tres materias estudanse a Nivel Superior (240 horas lectivas por materia), e as outras tres a Nivel Medio (150 horas lectivas por materia).

Os tres compoñentes troncais **Monografía, Teoría do Coñecemento e Creatividade, Actividade e Servizo** son obrigatorios e constitúen o eixo central da filosofía do Programa do Diploma.

A Monografía

A Monografía -un traballo escrito dunhas 4.000 palabras- ofrece ao alumno/a a oportunidade de investigar un tema no que estea interesado/a de modo especial, á vez que o familiariza coa investigación independente e o tipo de redacción académica que atopará máis adiante na universidade.

Teoría do Coñecemento

TdC é un curso interdisciplinario (non exactamente unha materia) concibido para desenvolver un enfoque integrado e coherente da aprendizaxe mediante a exploración da natureza do coñecemento nas distintas disciplinas. Ademais, estimula a apreciación doutras perspectivas culturais así como a reflexión sobre o coñecemento.

As actividades CAS

Trátase de que o alumnado tome parte en actividades artísticas, deportivas e de servizo á comunidade, con proxectos de aprendizaxe-servizo, co que se fomenta un coñecemento e unha apreciación da vida extraacadémica. O centro organizará e supervisará actividades de maneira que tódolos alumnos e alumnas poidan cumprir con este requisito.

Oferta de materias do IES do Castro

O alumnado do Programa do Diploma cursará as seguintes materias en NS (Nivel Superior) ou NM (Nivel Medio):

	Bacharelato Científico-Técnico	Bacharelato Ciencias Sociais
GRUPO 1	Lingua A1 (NS) (Español)	Lingua A1 (NS) (Español)
GRUPO 2	Inglés (NS)	Inglés (NS)
GRUPO 3	Filosofía (NS)	Filosofía (NM-NS) Historia (NM-NS)
GRUPO 4 (*) (**)	Bioloxía (NM) Química (NM) Física (NM)	Sistemas ambientais e Sociedades (NM)
GRUPO 5 (**)	Matemáticas: Análisis e Enfoques (NM)	Matemáticas: Aplicacións e Interpretación (NM)

(*) No segundo curso terán que optar entre Bioloxía e Física nos exames IB, aínda que cursarán as dúas en LOMCE

(**) Nivel Superior para o alumnado que precise este nivel para os seus estudos universitarios.

O alumnado cursará ademais o resto das materias que compoñen o currículo LOMCE (L Galega, Ed. Física, Historia de España, Debuxo Técnico, Economía, Hª Arte, Xeografía, TIC etc segundo o curso e opción...)

Avaliación do alumnado

A avaliación do Programa do Diploma realízase ao remate dos dous anos de Bacharelato. O alumnado será avaliado tamén nas materias LOMCE correspondentes. Recibirán, por tanto, informes de avaliación trimestrais, así como notas finais de 1º e 2º de Bacharelato LOMCE.

O Programa do Diploma en si será avaliado de forma interna e externa:

Avaliación interna

En case todas as materias, parte da avaliación corre a cargo do **profesorado do centro**, que guía, asesora e corrixe traballos individuais que forman parte do traballo do curso. Exemplos destes traballos serían: exercicios orais, proxectos diversos, cartafóis dixitais, presentacións en clase, prácticas de laboratorio, investigacións matemáticas, etc.

Avaliación externa

- Algunhas **tarefas** de avaliación son dirixidas e supervisadas no propio centro, pero son corrixidas por examinadores profesionais do IB. Exemplos disto serían: traballos escritos de literatura mundial de Lingua A1, ensaios de Teoría do Coñecemento e a Monografía.
- Unha boa parte da avaliación das materias realízase por medio de **exames oficiais** corrixidos por examinadores externos. Estes teñen lugar en maio do segundo ano.

Recoñecemento do Diploma do IB

Moitas universidades no mundo recoñecen directamente o Diploma como requisito de acceso. En España, o Ministerio ven autorizando o Diploma como vía de acceso á Universidade. Un trámite de convalidación da fase xeral realízase automaticamente na UNED (Universidade a Distancia), sendo necesario realizar as probas da fase específica.

Moitas universidades valoran moi positivamente o feito de que un alumno/a teña cursado certas materias do Programa (en función da carreira elixida), aínda que non teña superado o Diploma.

Inglés NS correspóndese con B2 (MCER) e tamén é comparable aos requirimentos para TOEFL e IELTS.

Financiamento do Programa do Diploma no IES do Castro

A Organización do Bacharelato Internacional cobra unha taxa anual por centro e outra por cada alumno/a matriculado/a. O IES do Castro como centro público non cobra ningunha cantidade ao seu alumnado. O financiamento realízase mediante convenio polas Consellerías de Educación e de Pesca.

Prazas dispoñibles no Programa do Diploma

O IES do Castro dispón de 30 prazas en 1º de BACH das que 4 son de reserva para familias de funcionarios/as da Axencia Europea de Pesca.

Acceso ao Programa do Diploma

Poden optar a estas prazas todos os alumnos e alumnas que cumpran seguintes **requisitos**:

- **ter aprobado en xuño o 4º curso** do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO).

- **ter cursado en ESO as materias do PD** nas que se van matricular e ter conseguido unha nota aceptable nas mesmas.

A **adxudicación de prazas** terá en conta o expediente do alumnado nos catro cursos da ESO, así como un **informe do perfil académico**.

Para máis información

IES do Castro

Tf 986 422 974 986 423 063

Correo-e: castroibo@gmail.com

<http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/>
ies.docastro@edu.xunta.es

En Internet páxina web oficial do BI

www.ibo.org/es



-conten unha sección informativa para familias

<https://www.ibo.org/es/information-for-parents/>

Qué é o IB?

A Organización do Bacharelato Internacional, o IB é unha fundación sen ánimo de lucro que se encarga da elaboración do currículo e de que este se imparta de acordo aos seus criterios de calidade e rigor. Os seus programas adaptanse aos esixentes estándares establecidos polas máis prestixiosas universidades de todo o mundo.

Desde a súa **fundación en 1968**, a pedra angular na cal se fundamentou a declaración de principios do IB foi a creación dun mundo mellor través da educación.



IES DO CASTRO DE VIGO

Vantaxes e experiencia
2008-2020
NUN CENTRO PÚBLICO

PROGRAMA DO
BACHARELATO
INTERNACIONAL